





Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrigidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2017-2023

	% (T/T-4)	2017	2018	2019	2020	2021	2022	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23
Galicia		2,0	3,0	1,1	-8,8	5,2	3,8	1,7	2	2	2,1	3,0	3,5	2,5	3,1	2,3	1,0	0,7	0,5	-4,2	-17,8	-6,5	-6,8	-2,3	15,3	4,2	5,0	5,3	5,3	2,7	2,2	2,8
España		3,0	2,3	2,1	-11,3	6,1	6,1	2,6	3,2	3,0	3,0	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,7	-21,9	-9,2	-9,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,3	7,8	4,9	3,0	4,2

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE



No primeiro trimestre de 2023 o PIB galego medrou o 1,1% respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a acadar o 3,0%. O crecemento intertrimestral do PIB español medrou conforme ao reflectido nas previsións e ficou no 0,5%, polo que a variación do PIB interanual rexistrada en España foi do 4,2% (a previsión fóra do 3,8%), 1,2 puntos porcentuais menor ao último valor rexistrado na serie.

O Gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por terse producido variabilidades extremas trimestre a trimestre que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos no Gráfico 2. Este gráfico recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos, o cal aporta unha mellor perspectiva á hora de analizar a evolución do volume de actividade das economías galega e española antes, durante e despois dos anos de pandemia. Deste xeito, o valor do índice para Galicia no primeiro trimestre de 2023 (111,21) supera xa en case que o 1,3% o valor do índice para 2019, último ano prepandemia. España, pola súa banda, tamén pechou o primeiro trimestre de 2023 co índice nun valor para o índice (111,08) que supera o valor do índice para 2019 (110,70) nun 0,3%.

O avance do PIB galego para o segundo trimestre de 2023 prevé un incremento do 0,1% en termos intertrimestrais e do 1,5% en termos interanuais. No que atinxe ao PIB español para o segundo trimestre de 2023 a previsión é dunha suba do 0,4% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, levaría a variación do PIB de España a un crecemento do 1,8%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2023

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior	Variación trimestre anterior	Variación trimestre anterior	Variación trimestre anterior
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.249,9	11,2	0,9	5,3	0,4
España	23.819,2	238,6	1,0	431,7	1,9

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do segundo trimestre de 2023 recolle un incremento da **poboación activa** galega de 11.200 persoas (o 0,9%) respecto do anterior, unha décima por baixo do incremento rexistrado en España no período (1,0%). En termos interanuais, a poboación activa galega incrementouse nun 0,4%, cun crecemento de 5.300 persoas respecto do segundo trimestre de 2022. O incremento en España foi moi superior ao galego nun punto porcentual (o 1,9%).

O número de persoas ocupadas en Galicia aumentou en 26.500 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o 2,4%), incremento que estivo por baixo da media española en máis de medio punto porcentual, logo de que en España a poboación ocupada aumentara en 603.900 persoas, o que supuxo superar os 21 millóns de persoas ocupadas. Respecto do segundo trimestre de 2022 os incrementos foron similares aos intertrimestrais. Así, en Galicia as persoas ocupadas aumentaron en 25.000 persoas (o 2,4%) e en España o fixeron en 588.700 (o 2,9%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no segundo trimestre de 2023 ata o 48,1%, taxa superior en máis dun punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en catro puntos porcentuais á taxa do 52,1% rexistrada en España no mesmo período, o que levou ao diferencial da taxa de ocupación Galicia-España a aumentar en dúas décimas respecto do trimestre anterior.


Para rematar coa análise da EPA do segundo trimestre de 2023, e no que atinxe ao número de persoas en paro en Galicia, produciuse un descenso do paro no trimestre de -15.300 persoas, o que supuxo unha redución porcentual do -11,4%, mentres que as persoas en paro en España diminuíron no trimestre en -365.300 (redución intertrimestral do -11,7%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro diminuíu en Galicia en termos interanuais en -19.700 persoas, que representan unha diminución do paro do -14,2% nos últimos catro trimestres, porcentaxe moi superior ao descenso en España que foi do -5,4%. Estes datos levan a taxa de paro en Galicia por baixo do -10% (-9,6%) mentres que a española pasou a ser do 11,6%.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 2º Trimestre 2023

	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
TOTAL	139.343	134.434	129.024	-2.504	-4.909	-5.410	-1,8%	-3,5%	-4,0%	-11.259	-11.686	-11.908	-7,5%	-8,0%	-8,4%
Homes	57.724	55.221	52.989	-1.134	-2.503	-2.232	-1,9%	-4,3%	-4,0%	-5.527	-5.805	-5.612	-8,7%	-9,5%	-9,6%
Mulieres	81.619	79.213	76.035	-1.370	-2.406	-3.178	-1,7%	-2,9%	-4,0%	-5.732	-5.881	-6.296	-6,6%	-6,9%	-7,6%
<30 anos	15.645	14.672	13.454	-925	-973	-1.218	-5,6%	-6,2%	-8,3%	-2.446	-2.128	-2.375	-13,5%	-12,7%	-15,0%
entre 30 e 44 anos	40.374	38.343	36.517	-977	-2.031	-1.826	-2,4%	-5,0%	-4,8%	-5.286	-5.549	-5.117	-11,6%	-12,6%	-12,3%
>44 anos	83.324	81.419	79.053	-602	-1.905	-2.366	-0,7%	-2,3%	-2,9%	-3.527	-4.009	-4.416	-4,1%	-4,7%	-5,3%
Agricultura e Pesca	4.557	4.447	4.271	-91	-110	-176	-2,0%	-2,4%	-4,0%	-924	-959	-798	-16,9%	-17,7%	-15,7%
Industria	14.233	13.727	13.298	-230	-506	-429	-1,6%	-3,6%	-3,1%	-2.268	-2.225	-1.840	-13,7%	-13,9%	-12,2%
Construción	9.691	9.309	9.005	-122	-382	-304	-1,2%	-3,9%	-3,3%	-1.063	-1.138	-1.145	-9,9%	-10,9%	-11,3%
Servizos	96.748	95.066	90.883	-1.836	-3.662	-4.203	-1,8%	-3,7%	-4,4%	-6.954	-7.373	-7.903	-6,6%	-7,2%	-8,0%
Sen emprego anterior	12.114	11.865	11.567	-225	-249	-298	-1,8%	-2,1%	-2,5%	-50	9	-222	-0,4%	0,1%	-1,9%

Fuente: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xornal de Galicia

Os *Boletins mensuais do paro rexistrado* amosan unha redución do **paro rexistrado** no segundo trimestre de 2023 do -9% (-12.823 persoas) respecto do primeiro. Respecto do peche do segundo trimestre de 2022 a redución foi algo inferior, do -8,3% (-11.728 persoas). Así, o *Gráfico 3*, -que recolle a porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos segundos trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados en cor verde- amosa que o paro rexistrado leva 27 meses consecutivos de redución interanual e que o ritmo desa redución mantívose no trimestre entre o 7,5% e o 8,5%, o que supón que, en termos porcentuais, e coa excepción do mes de xaneiro de 2023 o descenso interanual do paro rexistrado en termos porcentuais está a ser cada vez maior mes a mes desde o pasado mes de setembro de 2022.



maior a medida que avanzaba o trimestre, e maior entre os grupos de menos idade respecto aos grupos de máis idade. Neste senso, mentres que as reducións superan os dous díxitos para cada mes entre as persoas traballadoras de 44 ou menos anos, para as de 45 ou máis as diminucións do paro rexistrado interanuais estiveron entre pouco máis do -4% en abril e pouco máis do -5% en xuño. Neste trimestre o peso do paro rexistrado entre o grupo de maior idade segue a aumentar no total logo de pasar de supoñer o 59,2% ao remate do primeiro trimestre de 2023 ao 61,3% ao remate do segundo trimestre.

Con respecto á evolución do paro rexistrado segundo os sectores de actividade vemos que diminuíu mes a mes para cada mes e sector e que tamén o fixo con respecto do mesmo mes do ano pasado, coa excepción do grupo *Sen emprego anterior* no mes de maio para o que se produciu un incremento mínimo na comparación interanual. Mes a mes os descensos foron bastante parellos entre sectores, como o indica o feito de que o sector que presentou un menor descenso foi un diferente cada mes. Ao analizar a evolución por sectores do paro rexistrado en termos interanuais, o mellor comportamento tívoo o sector agrícola-pesqueiro, seguido do industrial, sectores para os que a redución superou os dous díxitos nos últimos doce meses (-15,7% e -12,2%, respectivamente) A construción tamén rexistrou descensos superiores á media (e por riba do dez por cento) mentres que o sector servizos rexistrou descensos interanuais máis intensos a medida que avanzaba o trimestre. O grupo de persoas rexistradas como sen emprego anterior tamén amosou unha redución, pero moito máis cativa que a do resto.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 2º Trimestre 2023

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
2T2023	188.210	33.150	21,4%	-25.985	-12,1%
Homes	97.290	16.606	20,6%	-12.289	-11,2%
Mulleres	90.920	16.544	22,2%	-13.696	-13,1%
<30 anos	64.623	16.738	35,0%	-4.702	-6,8%
entre 30 e 44 anos	69.645	8.252	13,4%	-13.341	-16,1%
>44 anos	53.942	8.160	17,8%	-7.942	-12,8%
Indefinido	63.493	5.536	9,6%	-19.885	-23,8%
Temporal	123.121	29.315	31,3%	-2.693	-2,1%
Prácticas / Formación	974	128	15,1%	-125	-11,4%
Outros	622	-1.829	-74,6%	-3.282	-84,1%
Agricultura e Pesca	5.379	186	3,6%	-1.082	-16,7%
Industria	27.161	506	1,9%	-4.766	-14,9%
Construción	7.532	-1.401	-15,7%	-1.956	-20,6%
Servizos	148.138	33.859	29,6%	-18.181	-10,9%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

respecto do trimestre previo en máis do 21%. Porén, en termos interanuais a contratación reduciuse por riba do -12% (quinto trimestre consecutivo no que se a contratación en termos interanuais diminuíu).

O aumento por sexo das persoas asinantes de novos contratos con respecto do primeiro trimestre case que amosou paridade en termos absolutos e tampouco rexistrou grandes diferenzas en termos porcentuais (menos de dous puntos máis alto o número de novos contratos entre as mulleres) e o mesmo aconteceu coa diminución no número de novos contratos respecto do acontecido fai catro trimestres (dita diminución foi maior entre os novos contratos a mulleres en case que -2 puntos porcentuais respecto dos homes). Deste xeito, os novos contratos asinados por homes foron 6.370 máis que os asinados por mulleres e supuxeron o 51,7% do total de novos contratos.

Por rangos de idade, e respecto do primeiro trimestre, o aumento da contratación foi especialmente máis intenso entre as persoas menores de 30 anos, para quen a contratación aumentou en termos absolutos máis do que o fixo para as outras dúas categorías xuntas e 13 puntos porcentuais por riba da media en termos relativos. Na evolución comparada entre segundos trimestres o grupo de persoas menores de 30 anos tamén foi o que tivo mellor comportamento, logo de que o descenso na contratación para estas persoas fose máis de cinco puntos porcentuais menos acusado que a media. O grupo de persoas traballadoras entre 30 e 44 anos foi o que medrou menos respecto do primeiro trimestre e o que máis se reduciu respecto o segundo trimestre de 2022.

A análise da contratación por sectores recolle variacións importantes entre sectores: a construción, que viña de ter un aumento dos novos contratos superior en un terzo ao incremento medio no primeiro trimestre de 2023, foi o único sector de actividade no que se reduciron os novos contratos respecto do trimestre precedente, mentres que o resto de sectores amosaron aumentos na nova contratación, moi modestos nos sectores primario e industrial, e moi intenso no sector servizos, no que os novos contratos medraron case que o 30%. Ao comparar co segundo trimestre de 2022, todos os sectores amosan reducións da contratación que superan os dous díxitos en termos porcentuais e varían entre o -11% no sector servizos e o -21% na construción.

Para rematar co análise da contratación, e se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados, todos os tipos de contrato viron o seu número medrar respecto do trimestre anterior excepto as denominadas *Outros*, e cómpre destacar que, logo de tres trimestres, volven a medrar as contratacións indefinidas en termos intertrimestrais, aínda que o incremento foi menor en case que doce puntos porcentuais ao incremento medio en novos contratos. Os contratos que máis medraron en termos porcentuais foron os temporais, que o fixeron en máis do 30%. En termos interanuais apréciase que os contratos indefinidos caeron en preto do -24% respecto do segundo trimestre do ano pasado, mentres que os temporais se reduciron en pouco máis do -2%.

Por sexos, a diferenza entre o número de mulleres rexistradas como paradas respecto do número de homes neste trimestre reduciuse en case que mil, e fica agora en pouco máis de 23.000. Porén, en termos porcentuais o paro rexistrado segue a se feminizar, logo de que a porcentaxe de mulleres no total de persoas rexistradas como paradas pasase a ser do 58,9% fronte ao 58,5% co que se pechou o pasado trimestre ou o 58,4% ao remate do segundo trimestre de 2022. Se atendemos aos distintos grupos de idade, houbo reducións mes a mes para todos eles, reducións que foron máis intensas a medida que avanzaba o trimestre. Estas reducións foron maiores no caso das persoas de menos de 30 anos -para as cales a redución do paro rexistrado superou o -5% en cada mes- e menores para o grupo de 45 e máis anos, entre as que a redución en ningún dos meses acadou o -3%. Comparando co segundo trimestre de 2022 a evolución foi moi similar, pero con reducións máis intensas. Así, a diminución foi


No que atinxe á **contratación**, o impacto da aplicación das novas modalidades de contratación recollidas no Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral segue a condicionar o análise dos datos, xa que as novidades contidas en dito Real Decreto-Lei, e de xeito sobranceiro a chegada dos novos contratos fixos descontinuos, están a provocar unha clara redución do número de contratos asinados e o aumento de novos contratos indefinidos e -aínda que se trata dunha categoría cunha volume de contratos moito menor- dos clasificados coma *Outros*.

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os tres meses do segundo trimestre de 2023 indican que se asinaron un total de 188.210 novos contratos, que supoñen un aumento da contratación

A **afiliación media** en Galicia pecha o segundo trimestre de 2023 cun incremento no número de persoas afiliadas de 23.700 persoas (2,3%) respecto das rexistradas no primeiro trimestre do ano, logo de incrementos consecutivos na afiliación entre o 0,6% e o 0,9% nestes meses, no que se pode considerar como comportamento típico deste trimestre, que é no que máis sube a afiliación. Pola súa banda, e se ben a afiliación media tamén medra en cada mes do trimestre en España, esta o fai con menor intensidade a medida que avanza o trimestre, pasando dun incremento de preto do 1,2% en abril a menos do 0,3% en xuño.

	Afiliación media mensual 2º trimestre 2023 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
				abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
Galicia	1.050.315	1.059.085	1.067.230	6.784	8.770	8.145	0,65%	0,83%	0,77%	16.317	18.337	18.707	1,58%	1,76%	1,78%
España	20.614.989	20.815.399	20.869.940	238.436	200.410	54.541	1,17%	0,97%	0,26%	595.908	582.676	521.610	2,98%	2,88%	2,56%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)



porcentuais, a diferenza máis cativa desde o mes de Abril de 2021.

O **Gráfico 4** recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais. Nel pódese apreciar como a afiliación media segue a incrementarse en Galicia en termos interanuais e xa acadou 27 meses consecutivos de crecemento. Logo de que no mes de Xaneiro este crecemento acadara o seu valor mínimo (0,86%) desde Marzo do 2021, a afiliación media seguiu a acelerar o seu crecemento e continuou a o facer en cada mes do trimestre. Deste xeito, Xuño foi o mes de maior incremento porcentual da afiliación media en Galicia dos últimos once meses. A variación interanual da afiliación media en España segue a medrar mes a mes en porcentaxes próximos ao 3%, aínda que ditos porcentaxes foron diminuindo segundo avanzaba o trimestre. Isto fixo que o diferencial da taxa de incremento interanual entre Galicia e España, que acadara un máximo por riba dos dous puntos porcentuais en Maio de 2022, está a descender desde entón e ao rematar o segundo trimestre ficou por baixo dos 0,8 puntos

Sinistralidade

O primeiro trimestre de 2023 amosou un descenso na sinistralidade próximo ao once por cento respecto do mesmo trimestre do ano anterior, segundo os datos facilitados polo ISSGA, descenso que se produciu para todo tipo de accidentes independentemente da súa gravidade. Dado que os accidentes leves con baixa supuxeron, como é habitual, o 98% do total de accidentes, as tendencias observadas para eles coinciden en grande medida coas totais (-10,7%), mentres que os accidentes graves reducíronse nun porcentaxe lixeiramente inferior (-6,8%). Os accidentes mortais foron os que amosaron unha maior diminución respecto ao ano pasado logo de descender o -46,7%, descenso que cómpre adxudicar ao elevado número de vítimas mortais

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Marzo 2022/2023)												
	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var
Agricultura	268	231	-13,8	8	6	-25,0	0	1	-----	276	238	-13,8
Pesca	177	152	-14,1	8	10	25,0	21	1	-95,2	206	163	-20,9
Industria	1.590	1.521	-4,3	17	14	-17,6	2	1	-50,0	1.609	1.536	-4,5
Construción	991	803	-19,0	21	23	9,5	3	5	66,7	1.015	831	-18,1
Servizos	3.131	2.790	-10,9	34	29	-14,7	4	8	100,0	3.169	2.827	-10,8
Total	6.157	5.497	-10,7	88	82	-6,8	30	16	-46,7	6.275	5.595	-10,8

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade, ISSGA.

rexistradas no sector pesqueiro no primeiro trimestre de 2022, tal e como xa sinalamos en pasadas edicións deste *Boletín*. De feito, se non tivéssemos en consideración este sector, obsérvanse incrementos na mortalidade na agricultura, na construción e nos servizos, sector este último no que a mortalidade foi o dobre da rexistrada no primeiro trimestre de 2022.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Marzo 2022/2023)												
	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var
Agricultura	797,9	708,8	-11,2	23,8	18,4	-22,7	0,0	3,1	-----	821,7	730,3	-11,1
Pesca	1.023,6	891,8	-12,9	46,3	58,7	26,8	121,4	5,9	-95,2	1.191,3	956,4	-19,7
Industria	1.102,3	1.047,8	-4,9	11,8	9,6	-18,2	1,4	0,7	-50,4	1.115,4	1.058,2	-5,1
Construción	1.265,2	1.010,1	-20,2	26,8	28,9	7,9	3,8	6,3	64,2	1.295,9	1.045,3	-19,3
Servizos	422,5	377,5	-10,7	4,6	3,9	-14,6	0,5	1,1	100,5	427,6	382,5	-10,6
Total	606,9	542,4	-10,6	8,7	8,1	-6,7	3,0	1,6	-46,6	618,5	552,1	-10,7

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade, ISSGA.

Os índices de incidencia amosan unha tendencia similar no seu comportamento, cunha redución porcentual case que idéntica á redución porcentual de accidentes. Se atendemos aos índices de incidencia por sectores de actividade, foron a pesca e a construción os que tiveron maiores reducións da sinistralidade, (nos dous preto do -20%), se ben todos os sectores, coa excepción do industrial (-5,1%), amosan reducións que superan os dous dízitos.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Maio 2023)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	14	-6	1.824	-8	8.519	6.948
España	380	55	163.953	98.088	535.889	324.785

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

moito maior. Así, en Galicia o número de folgas reduciuse no -30%, mentres que o de participantes mantívose case constante e o número de horas non traballadas multiplicouse por máis de catro (aumento do 437%). Os valores en España para os tres parámetros analizados indican un incremento da conflitividade aínda maior: así, o número de folgas medrou un 17% e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo en case que o 150%. As xornadas non traballadas foron o único parámetro que medrou menos que en Galicia, pero aínda así fíxoo de xeito importante (o 154%).

Expedientes de Regulación de Empleo

Os datos facilitados na *Estadística de expedientes de regulación de emprego* publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social amosan unha diminución cativa (-3%) no número de persoas traballadoras en ERE nos distintos tipos de expediente en Galicia que contrasta cunha redución en España superior ao -50%.

	TOTAL		DESPELLOMENTO S COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS				REDUCCIÓN DE JORNADAS			
	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos		Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	
	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %
Galicia	10.705	-283	-3%	496	169	52%	9.971	133	1%	238	-565	-71%		
España	84.934	-85.572	-50%	13.562	4.249	46%	67.100	-67.081	-50%	4.272	-22.740	-84%		

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(Elaboración propia a partir dos datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, aí non estar dispoñibles os acumulados)

Se atendemos á evolución dos ERE por tipo de expediente advírtese que non se refire ao número de persoas traballadoras afectadas en España e en Galicia, este foi moi similar no que atinxe aos ERE por despedimentos colectivos (aumento do 52% en Galicia fronte ao 46% en España) e tamén nos ERE por redución de xornada (diminución do -71% en Galicia e do -84% en España). Porén, no que se refire aos ERE por suspensión de contratos houbo unha notable diferenza, con un lixeiro incremento das persoas afectadas por estes en Galicia (o 1%) mentres que en España o número de persoas traballadoras afectadas reduciuse á metade.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2017-2023

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Incrementouse en preto de tres puntos porcentuais neste trimestre e pasou a ser do -13,1%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva rexistrados no primeiro trimestre medraron respecto aos do primeiro trimestre de 2022 en 4,0 e 3,4 puntos porcentuais respectivamente. No caso de España medraron tamén, e en porcentaxes superiores (o 4,2% os custos laborais, e o 4,1% no caso dos custos salariais). Deste xeito os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais, fican por baixo dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2023

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.021	47.684,3	-189	-22,1%	-63	-9,5%
Sociedades que ampliaron capital	262	79.027,8	-44	-12,5%	2	7,9%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

reducións nos dous casos e que tales reducións no capital invertido foron máis intensas que as reducións no número de sociedades constituídas; é dicir, se están a crear menos sociedades e con menor capital inicial.

O número de sociedades que ampliaron capital tamén se reduciron respecto do primeiro trimestre, e nunha porcentaxe similar ao do número de sociedades constituídas (preto do -15%). Respecto do segundo trimestre de 2022 o número de sociedades que ampliaron capital mantívose sen apenas variación (un 0,7% máis). Respecto do capital ampliado, este reduciuse respecto do primeiro trimestre, e aumentou en case que un 8% respecto de fai catro trimestres.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 2º Trimestre 2023

	2T23	1T23	2T22
Sociedades disolvidas	254	547	299
Sociedades que reducen capital	61	82	53
Sociedades en situación concursal	58	52	84

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Rexistráronse cinco procesos de escisión de empresas, tres menos que no trimestre anterior e un máis que no segundo trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión ficaron en cinco fronte aos 27 do primeiro trimestre do ano e os dez de fai catro trimestres

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

No primeiro semestre de 2023, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 24 ditames sobre normativa laboral autonómica, nove máis dos emitidos durante o primeiro semestre de 2022.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante o primeiro semestre de 2023 tiveron entrada no AGA 88 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraxe, 20 máis das que foron recibidas no mesmo período do pasado ano. Entre as 56 mediacións e arbitraxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo de do período sinalado, a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 69,6%.

Así mesmo, durante o primeiro semestre proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia, con 52 xuntanzas que afectaron a 13 Convenios colectivos de sector. Durante este período asináronse na sede do Consello a prórroga do Convenio do sector de Pompas Fúnebres de Galicia e os novos convenios para o sector de Centros Especiais de Emprego de Galicia e o das Empresas Organizadoras do Xogo do Bingo de Galicia.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

